


PEZA DO MES

novembro

2020



VISIÓN DA XERACIÓN NÓS NAS CIENCIAS NATURAIS

XUNTA DE GALICIA

Visión da Xeración Nós nas ciencias naturais

Se repasamos a revista *Nós* nos seus 144 números e os índices de Fernández Oxea atoparemos moi contados traballos dedicados ás ciencias naturais. Case todos os números centran o seu interese en aspectos de arqueoloxía, prehistoria, etnografía, heráldica, lingüística, etc... e soamente os artigos xeográficos de Otero Pedrayo conteñen datos que poderían ser estudos da natureza.

Con todo, veremos como persoas afíns á xeración «Nós», alleos ao núcleo fundacional, pero pertencentes a institucións moi ligadas a ela, por cotidianidade e ideoloxía, cultivaron facetas variadas sobre o medio natural.

R. Otero Pedrayo (1888-1976) publica aspectos xeográficos que hoxe en día podemos considerar pioneiros nas Ciencias da Paisaxe. Son clásicas as súas obras *Historia de Galiza* (1962) cunha parte de xeografía e a *Guía de Galicia* (1926) na que inclúe un capítulo dedicado ao «Clima» e «Vexetación» (pp. 55-61), así como a súa «Estética da Paisaxe» (pp. 185-190).

En distintos números de *Nós* constrúe o seu particular concepto da paisaxe galega, algún tan curioso como «Encol do elemento animal da paisaxe» (nº 105: 158) ou «Ensaio encol do estilo da paisaxe» (nº 113: 84). Pero é en «Encol da aldea» (nº 14: 1) de 1922 onde desenvolve o concepto paisaxístico orixinal de «bocarribeira». Paisaxe que ademais se converterá en auténtico personaxe, como paisaxe habitada (A Terra), das súas novelas (por ex. en *Os camiños da vida*, 1928).

Foi ademais o iniciador das excursións-expedicións da xeración, as xeiras, que daban aos seus actores un coñecemento directo e insubstituíble do medio natural. É clásico o seu *Pelerinaxes I* (1929): viaxe a pé de Ourense a Santo André de Teixido, realizado no verán de 1927, xunto a Risco e Ben-Cho-Shey, guiados polo mapa de Fontán. Este camiño foi recentemente percorrido, revivido e revitalizado en *O Noso Camiño* (2019) por Lamas, S. e Conde Corbal, M.

Luís Iglesias Iglesias (1895-1977), vinculado ao Seminario de Estudos Galegos no que crea en 1926 a Sección de Ciencias Naturais con Parga Pondal. O seu mestre en Compostela foi o carballiñés García Varela, quen acabou en Madrid como catedrático e



1ª PÁXINA DO ARTIGO «ENCOL DA ALDEIA» DE RAMÓN OTERO PEDRAYO NO NÚMERO 14 DA REVISTA NÓS

doutor do Real Xardín Botánico. Por influencia deste, dedicouse á entomoloxía e termina a súa licenciatura en Madrid en 1917, onde baixo a tutela do director do Museo de Ciencias Naturais, D. Ignacio Bolívar, realiza a súa tese de doutoramento intitulada *Curculiónidos da Península Ibérica e Illas Baleares*.

Regresou a Santiago, onde se gradúa en Medicina en 1919 e exerce o ensino no Instituto compostelán, para ser nomeado auxiliar, ata que en 1928 consegue a cátedra. En 1930 traballa en Nápoles co Prof. Silvestri. A Cátedra de Bioloxía na Facultade de Ciencias conséguela en 1932, da que se xubila en 1965. Dirixiu durante moitos anos o Consultorio de Pragmas do Campo axudando á poboación rural. Chegou ao reitorado da Universidade en 1935.

Publicou máis de 30 artigos entomolóxicos e traballos sobre fauna de Galicia (Cerambícidos, Carabus, Aves) e coleccións de minerais (Col. Viqueira). O Museo Universitario foi dirixido moitos anos por el e actualmente, con recente remodelación modélica, leva o seu nome.

Descubriu especies novas para a ciencia, que lle foron dedicadas por especialistas: o himenóptero

Gelis iglesiasi (Ceballos) e o coleóptero *Amphimalon iglesiasi* (Báguena).

A súa relación co grupo «Nós» é intensa:

- No tomo 53 (1928: 89-94) figura o único artigo entomolóxico da revista, «Insectos de Galicia. I. Coleópteros».
- Coñecemos unha xeira a terras de Deza co grupo ourensán.
- Con Xoaquín Lorenzo mantivo correspondencia na que «Xocas» lle enviaba espécimes de insectos de Lobeira (Ourense) (comunicación persoal) e non de Lobeira (Pontevedra como figura nos Trab. Compost. de Biol. 9: 73-80 (1982).

Tamén mantivo relacións internacionais co ruso Vavílov, N., agrónomo que visitou Galicia en 1927 xunto con Crespí Jaume, L., e co que organizou unha xeira aos Ancares, Caurel, etc., en busca de sementes, da que se publicaron varios traballos sobre prados montañoses.

Isidro Parga Pondal (1900-1986) formouse en Zúric. En 1926 fundou con Iglesias a Sección de Ciencias do Seminario de Estudos Galegos e en 1933 comeza en Santiago cun Laboratorio de Xeoquímica pioneiro en España. Amigo de Castelao e de Bóveda foi apartado na Guerra Civil da docencia e da investigación. Retirouse a Laxe e cos seus recursos particulares recompuxo un Centro de Estudos de Xeoloxía do Noroeste Ibérico. Despois dun intenso labor de campo e numerosas publicacións culmina en 1963 o seu «Mapa Petrográfico Estrutural de Galicia» (1:400.000), documento indispensable na nosa xeoloxía, xunto co «Mapa Xeolóxico do Macizo Hespérico» (1:500.000) (1982).

Con Parga colaboraron desde 1954 os profesores da Universidade de Leiden, así como múltiples xeólogos de universidades europeas.

En Galicia tivo como colaborador a Torre Enciso, E. (1908-1994) gran paleontólogo e excelente coñecedor da rías galegas.

En 1983 foi nomeado, en tardía reparación, doutor «Honoris Causa» pola súa antiga Universidade.

Actualmente os seus discípulos, instalados en Sada, publican os *Cadernos* e a serie *Nova Terra*, exemplos dunha xeoloxía galega internacionalizada.

Máis afastado de «Nós», pero coetáneo e afín, é o agronomista máis importante de Galicia. Trátase de Cruz Gallástegui Unamuno (1891-1960), formado en xenética agrícola en USA e elixido director da Misión Biolóxica de Galicia, que comezou en Santiago e foi trasladada en 1927 a Pontevedra ao Pazo de Salcedo.

En 1931 foi chamado a Madrid para formar parte do equipo de Gordón Ordás creador da Dirección Xeral de Gandarías e Industrias Pecuarias (DGG) onde é nomeado Inspector Xeral Xefe de Fomento Pecuário. En 1932 pide a excedencia e volve á Misión Biolóxica. En 1936, A. Bóveda fora contable da Misión e Osorio-Tafall era a migo seu, Gallástegui sálvase milagrosamente de represalias directas e posteriormente dimite en 1945.

En 1932 produce os primeiros castiñeiros híbridos resistentes ao mal da tinta e anteriormente os primeiros millos híbridos europeos, con rendementos case tres veces maiores que o millo normal. Estes descubrimentos son expandidos coa creación, en 1930, do Sindicato de Produtores de Sementes.

Tamén se dedicou á mellora xenética da pataca temperá, con hibridacións do *Solanum tuberosum* con *Solanum* silvestres suramericanos, creando patacas resistentes a baixas temperaturas. En canto ao gando porcino creou unha manda pechada, a «Large White», unha das primeiras do mundo.

As súas ideas agronómicas, levadas á práctica con grandes resultados pioneiros, parten de que Galicia posúe unhas terras aproveitables limitadas e propugna cultivos intensivos, fronte aos extensivos. Defendeu o uso de fertilizantes orgánicos fronte aos fertilizantes minerais.

Formou un grupo numeroso e importante de investigadores como Fernández Ossorio-Tafall, os Blanco, Odriozola, Quintanilla, Sierra, etc.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 788 417

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 21.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

pechado luns e festivos oficiais

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:


EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense


TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueológico 

 Xacobeo 2021





XUNTA
DE GALICIA